



'Performance', en Vigo. &gt; Agalega.info

## Créase alarma en Vigo por unha representación de Espacio Atlántico

LV / Axencias

Unha representación artística levada a cabo polos promotores da feira Espacio Atlántico, que acolle con éxito o Ifevi, sementou a alarma na Gran Vía viguesa. Os organizadores da feira de arte colgaron un manequín no edificio da empresa Sirvent, cos pés colgando. E ao lado, colocaron un taboleiro e unha cadeira. Algúns transeúntes pensaron que era real e chamaron á Policía e aos bombeiros. Estes subiron ao tellado e comprobaron que era... un boneco.

## Novas de cultura galega

**Literatura** A Xunta asinou un convenio de colaboración coa presidenta da Fundación Carlos Casares, Kristina Berg, para a conservación e difusión mediante a súa dixitalización de parte do legado bibliográfico e documental.

**Xornalismo** Wikileaks foi distinguida co VII Premio José Couso á Liberdade de Prensa, que dan o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e o Club de Prensa de Ferrol.

**Música** O quinto disco de Lucía Pérez, *Cruzo los dedos*, sae á venda mañá

# A ACADEMIA ESTREA XEFE

> González Macho é o novo presidente do cine español ao imporse a Bigas Luna por 155 votos

Axencias

O exhibidor, distribuidor e produtor de cine Enrique González Macho converteuse no décimo terceiro presidente da Academia de Cine ao obter 256 dos 386 votos emitidos -dun censo de 966-, fronte aos 101 conseguidos polo seu oponente, Juan José Bigas Luna.

A loita pola dirección da Academia tras o abandono con dous anos de antelación do anterior presidente, Álex de la Iglesia, terminou onte coa decisión dos académicos de optar pola opción "máis continuísta", en opinión de Bigas, fronte á súa, que era "máis rompedora". "Non se trata



Marta Etura, Enrique González Macho e Judith Colell, onte en Madrid. &gt; Juan M. Espinosa

de gañadores, nin perdedores", precisou González Macho na súa primeira comparecencia pública como presidente da Academia, "son visións diferentes, e a Academia optou", resolveu.

Advertiu, acompañado da actriz Marta Etura e a directora e guionista Judith Colell, as súas vicepresidentas, que "non hai solucións milagre" para o cine español, e dixo que está en contra do gratis total en internet.

## Bo coñecedor da arte

González Macho foi Premio Nacional de Cine 1997 e é presidente de Altafilms e dono dos cines Renoir. Nado en 1948, foi un dos introdutores en España das versións orixinais subtítuladas. Foi técnico en máis de 60 películas e coñece á perfección a sétima arte.



## Elena Anaya explota a súa expresividade

A catro meses de que o público a vexa novamente como *moza Almodóvar* en *La piel que habito*, Elena Anaya presentou onte na Mostra de Valencia a súa segunda viaxe ao cine francés con *A bout portant*, un trepidante thriller de acción onde a actriz palentina explota ao máximo a súa expresividade. Dirixida por Fred Cavayé, compite na sección oficial do certame.



## O galego Mario Casas, 'Micrófono de Ouro'

León acolleu o sábado a entrega pola Federación de Asociacións de Radio e Televisión dos *Micrófonos de Ouro 2011*. O galego Mario Casas foi galardoado pola súa intervención na serie de Antena 3 *El barco*. Iñaki Gabilondo recibiu o premio pola súa traxectoria profesional. Ana Rosa Quintana foi outra xornalista premiada, ao igual que os políticos Rajoy e Revilla.

## >carteleira

**VIGO**  
**YELMO CINES 3D** (Luns, día do espectador. Matinais sáb, dom e fest. Madrugada ven, sáb e vésperas de festivos) **Río 3D** 18.15, 20.15, 22.15. **Invasión a la Tierra** 17.40, 20.05, 22.30. **Gnomeo y Julieta** 17.50. **Sin compromiso** 19.50, 22.20. **El discurso del rey** 17.35. **¿Para qué sirve un oso?** 19.55, 22.05. **Furia ciega 3D** 17.25, 19.45, 21.55. **La legión del águila** 17.40, 20.05, 22.30. **Sin límites** 18.05, 20.25, 22.45. **Torrente IV 3D** 17.35, 19.50, 22.05. **Soy el número 4** 18.10, 20.35, 22.45. **Río** 17.15, 19.15. **Torrente IV** 21.15. **MULTICINES NORTE** (Luns, día do espectador) **El discurso del rey** 17.45, 20.30, 23. **En un mundo según Barney** 17.30, 20.15, 23. **En un mundo mejor** 17.45, 20.30, 23. **Bienvenidos al sur** 17.45, 20.30, 23. **Incendios** 17.45, 20.30, 23.

**A CORUÑA**  
**FILMAX** (Sen confirmar) (Sesións goitas: venres, sábado e vésperas de festivos. Sesións matinais sáb. e dom.) **En un mundo mejor** 20. 22.15. **Encontrarás dragones** 19.45, 22. **Furia ciega** 19.15, 21.45. **Invasión a la Tierra** 18.20, 20.15, 22.30. **Gnomeo y Julieta** 18.15. **La legión del águila** 19.45, 22.15. **Potiche** 18. **Río 3D** 18.30, 20.30, 22.30. **Río** 18. 20. 22. **Sin compromiso** 20. 22.15. **Sin límites** 18.15, 20.30, 22.45. **Soy el número 4** 19.15, 21.45. **Torrente IV** 17.45. **¿Para qué sirve un oso?** 17.45. **YELMO LOS ROSALES 3D** (Luns, día do espectador. Sesións de madrugada só os venres, os sábados e as vésperas de festivo. Primeiro pase: sábados, domingos e vésperas festivas) **Río 3D** 18.30, 20.30, 22.30, 00.30. **Río** 17.30, 19.30, 21.30, 23.30. **Furia ciega 3D** 18.15, 20.30, 22.45, 01.00. **Soy el número 4** 17.40, 20. 22.20, 00.40. **La legión del águila** 17.35, 20. 22.25, 00.50. **Nada que declarar** 18. 20.15, 22.30, 00.45. **Sin límites** 18.10, 20.20, 22.40, 00.50. **El rito** 22.10, 00.40. **Invasión a la Tierra** 18. 20.20, 22.40, 01.00. **Gnomeo y Julieta** 17.40. **Encontrarás dragones** 19.40. **Rango** 17.45. **¿Para qué sirve un oso?** 20.10, 22.20, 00.30. **Cisne negro**

18.10. **Sin compromiso** 20.25, 22.45, 01.00. **Sucker punch** 17.50. **El discurso del rey** 20.15. **Potiche** 17.50. **Torrente 4** 20.10, 22.15, 00.20. **ESPACIO CORUÑA** (Luns, día do espectador. Venres, sábados, e vésperas de festivos: sesión de madrugada. Matinais, só os domingos) **Río 2D** 17.15, 19.30, 21.30. **Furia ciega 3D** 18.05, 20.30, 22.45. **La legión del águila** 17.15, 19.40, 22.15, 00.35. **Soy el número 4** 17.40, 19.50, 22.05. **Gnomeo y Julieta 3D** 17.45. **Sigüeme el rollo** 20. 22.30. **Invasión a la Tierra** 18. 20.15, 22.40. **Torrente 4** 18.30, 20.40, 22.50.

**SANTIAGO**  
**VALLE INCLÁN** (mércores, día do espectador) **¿Para qué sirve un oso?** 17.30, 20.15. **Gnomeo y Julieta 3D** 17.30. **Río 3D** 17.30, 20.15, 23. **Encontrarás dragones** 22.45. **Invasión a la Tierra** 20.15, 22.45. **Nada que declarar** 17.30, 20.15, 23. **Potiche: mujeres al poder** 23. **Sin compromiso** 17.30, 20.15. **ÁREA CENTRAL** **Invasión a la Tierra** 16. 18.15, 20.30, 22.45. **La legión del águila** 21.6, 18.15, 20.30, 22.45. **Río** 17. 19. **Río 3D** 16. 18.05, 20.10, 22.15. **Sin compromiso** 22.50. **Sin límites** 16. 18.10, 20.20, 22.35. **Soy el número 4** 16.10, 18.20, 20.30, 22.40. **COMPOSTELA** **Soy el número 4** 17.15, 20.15, 22.30. **Gnomeo y Julieta** 16.30, 18.15. **Incendios** 20.15, 22.30. **Crehinsky** 17.15, 20.15, 22.30. **Rango** 16.30, 18.15. **En un mundo mejor** 17.15, 20.15, 22.30. **El mundo según Barney** 17.15, 20.15, 22.30. **Bienvenidos al Sur** 20.15, 22.30.

**LUGO**  
**AS TERMAS** (Luns, día do espectador. Sesión goita: só ven., sáb. e vés. de festivos) **Esta abuela es mi padre** 18.20. **Furia ciega** 18.20, 20.30, 23. **Invasión a la Tierra** 18.15, 23. **La legión del águila** 18.10, 20.30, 23. **Río** 18.30. **Sin límites** 18.20, 20.30, 23. **Soy el número 4** 18.15, 20.30, 23. **Sucker punch** 23. **Sin compromiso** 20.30, 23. **Torrente IV** 20.30, 23. **¿Para**

qué sirve un oso? 20.30.

**FERROL**  
**DÚPLEX** (Luns, pechado) **El discurso del rey** 18. **Bienvenidos al sur** 20.30, 22.45. **Encontrarás dragones** 18, 20.30. **En el centro de la tormenta** 22.45. **NARÓN** (sesións de madrugada: venres, sábados e vésperas de festivos) **Soy el número 4** 16. 18.15, 20.30, 22.45. **Río 3D** 16.10, 18.15, 20.20, 22.20. **Invasión a la Tierra** 15.50, 16.10, 18.05, 18.20, 20.20, 20.40, 22.55. **Río** 16.50, 18.50, 20.50, 22.50. **Sin límites** 16. 18.10, 20.20, 22.30. **Furia ciega** 16.10, 18.20, 20.30, 22.40. **La legión del águila** 16. 18.20, 20.35, 22.50. **Rango** 16.30. **Torrente 4** 18.30, 20.40, 22.55. **Gnomeo y Julieta** 16.20, 18.20. **Sin compromiso** 20.15, 22.30. **Encontrarás dragones** 22.50. **Esta abuela es mi padre** 16.15, 18.30. **¿Para qué sirve un oso?** 20.40, 22.45.

**OURENSE**  
**CINEBOX** (Xoves, día do espectador, última sesión fin de semana) **Río** 16.25, 18.25, 22.10. **Río 3D** 16. 18. 20. **Soy el número 4** 16. 18.15, 20.30, 22.45. **Furia ciega** 16.20, 18.30, 20.40, 22.50. **Torrente 4** 20.20, 22.30. **Gnomeo y Julieta** 16.45, 18.40. **Sin compromiso** 20.35, 22.50. **¿Para qué sirve un oso?** 20.15, 22.20. **Invasión a la tierra** 15.50, 18.05, 20.30, 22.45. **Esta abuela es mi padre** 16.05, 18.10. **Sin límites** 16.15, 18.20, 20.20, 22.30.

**PONTEVEDRA**  
**CINEBOX** (Xoves, día do espectador) **Soy el número 4** 16. 18.10, 20.25, 22.40. **Río 3D** 16.15, 18.15, 20.15, 22.15. **Invasión a la Tierra** 15.50, 18.05, 20.25, 22.45. **Furia ciega** 16. 18.10, 20.20, 22.30. **La legión del águila** 16. 18.15, 20.30, 22.45. **Sin límites** 16.30, 18.30, 20.30, 22.30. **Sin compromiso** 16. 18.15. **Torrente 4** 20.30, 22.35, 00.40. **Esta abuela es mi padre** 18. **Gnomeo y Julieta** 16.10. **¿Para qué sirve un oso?** 20.15, 22.15.

INTERNET

## Os creadores da rede Tuenti fundan Gatunes

O cofundador de Tuenti Kenneth Bentley e o programador Daniel Esteban Nombela acaban de lanzar ao mercado Gatunes, a primeira rede social española de música que busca pór en contacto os melómanos para que poidan compartir os seus gustos musicais. A plataforma é un proxecto conxunto co publicista Adolfo Sarasúa e co deseñador multimedia Alonso Tuñón de Hita.

CINE

## Bardem protagonizará un megaproxecto

Javier Bardem, gañador dun *Oscar* por *No country for old men*, foi o elixido polo realizador estadounidense Ron Howard para interpretar ao protagonista dun megaproxecto audiovisual baseado na saga literaria de Stephen King *The dark tower*. A información, que publicaron onte varios medios estadounidenses, concreta que o actor madrileño aceptaría xa a proposta do director.

CINE

## Morre Sidney Lumet, un lendario cineasta

O lendario cineasta estadounidense Sidney Lumet, considerado un dos directores máis prolíficos da era moderna, faleceu o sábado aos 86 anos, tras unha loita contra o linfoma. Segundo a fillastra de Lumet, Leslie Gimmel, o cineasta faleceu no seu fogar en Manhattan, en Nova York. Fora candidato a un *Oscar* en catro ocasións.

# Imaxe art.

Serigrafía Serigrafía Serigrafía  
 Imprenta Imprenta Imprenta  
 Rotulación Rotulación Rotulación

Estr. de Luintra, s/n  
 Tlf./Fax: 988 259 427  
 Móvil: 619 382 310  
**PEREIRO DE AGUIAR (OURENSE)**  
 imaxeart@imaxeart.es  
 camilo@imaxeart.es